

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A RENOVACION E REHABILITACION DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA AREA DE REXENERACION E RENOVACION URBANA DAS PARROQUIAS DE BURIZ E VILARES EN GUITIRIZ REFERIDAS AO ACORDO DA COMISION BILATERAL CELEBRADA O 1 DE DECEMBRO DE 2.021, CON BASE NO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, ANUALIDADE 2021.

O Concello de Guitiriz iniciou, coa redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal actualmente en vigor, un estudio e ordenación do medio rural, do que até entón non se dispoñía de instrumentos xurídicos nin urbanísticos suficientes para a súa conservación.

Coa aprobación definitiva do PXOM sentáronse as bases para un ambicioso proxecto de consolidación e desenvolvemento de medio rural deste concello, fomentando así o asentamento poboacional.

Un deses proxectos de desenvolvemento do medio rural foi a tramitación da declaración da Área de Rehabilitación Integral das parroquias de O Buriz e Os Vilares, por considerar que son dúas parroquias cun elevado potencial demográfico, económico vencellado á economía agrícola e gandeira, e histórico-cultural.

A finalidade era pois acadar unha política de axudas para mellorar dita situación, e impulsar a revitalización do ámbito con mais poboación nova que traballa no entorno primando así a recuperación de edificacións tradicionais.

Con data 13 de novembro de 2020, foi declarada ARI por resolución do IGVS, e iniciase a participación do Concello nos programas no que se articula o RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de vivenda 2018-2021 para a rehabilitación de núcleos rurais, a mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, así como a rexeneración das dotacións e dos espazos públicos do ámbito.

As presentes bases reguladoras e convocatoria de subvencións xorden da necesidade de adecuar ás actuacións de renovación e rehabilitación de edificios e vivendas, e demais aspectos específicos da Área de Rexeneración e Renovación Urbana das parroquias de O Buriz e Os Vilares en Guitiriz (Lugo), ao Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativa a esta ARRU 1ª Fase, con base no Plan Estatal de vivenda, 2018-2021. Anualidade 2021, regulado no Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo; á Resolución do 3 de xuño de 2.021 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das súas axudas e se abre o prazo de participación para a anualidade 2.021 (Código de procedemento VI408K).

ARTIGO1: OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de renovación e rehabilitación dos edificios e vivendas situados na Área de Rexeneración e Renovación Urbana das parroquias de O Buriz e Os Vilares en Guitiriz (Lugo), con cargo ao convenio subscrito o 1 de decembro de 2.021 polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o IGVS e o Concello de Guitiriz para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de vivenda 2018-2021, e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito Plan, conforme co establecido no artigo 5 do RD 106/2018 e no artigo Oitavo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS.

A xestión das axudas á renovación e rehabilitación de vivendas regulada nas presentes Bases realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e da eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A concesión de subvencións a través desta convocatoria será en réxime de concorrència competitiva, consonte aos criterios de selección dispostos no artigo 5 destas bases reguladoras e convocatoria de subvencións.

ARTIGO 2: PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

a) De acordo co definido no artigo Décimo noveno da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS:

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas ou entidades que asuman a responsabilidade da execución integral da ÁRI delimitada pola actuación.

2. As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

3. Para que as persoas físicas sexan beneficiarias deberán posuír a nacionalidade española ou ter a residencia legal en España, no caso das persoas estranxeiras.

4. No caso de que a persoa ou a entidade solicitante sexa unha comunidade, unha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou unha agrupación de persoas propietarias, os requisitos sinalados nos puntos anteriores deberán cumprilos todos os seus membros.

5. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas e/ou as entidades beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate dunha comunidade, dunha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou dunha agrupación de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o importe da axuda como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, de ser o caso, dos locais comerciais

ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación da propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá á dita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se ratearía entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias.

6. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquela a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

b) Así mesmo, de acordo co definido no artigo Vixésimo oitavo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS:

De conformidade co artigo 52 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

c) As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude, sométense ao cumprimento das condicións da convocatoria e demais normativa reguladora que sexa de aplicación ao obxecto das axudas.

ARTIGO 3: OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

Conforme ao definido no artigo Vixésimo sexto da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS, ademais das recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación ou renovación para as cales se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución da cualificación provisional.

b) Comunicar ao Concello de Guitiriz calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección durante a vixencia da subvención, así como permitirlles ao Concello de Guitiriz e/ou ao IGVS realizar as inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino



da subvención concedida.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo concello ou polo IGVS.

e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboan as subvencións.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para os efectos, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

h) As demais que deriven desta resolución e do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

ARTIGO 4: ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De acordo co definido no artigo Décimo sétimo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS, e de conformidade co artigo 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36.1 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo, nomeadamente as seguintes:

a) A mellora da envolvente térmica da vivenda para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións de mellora do seu illamento térmico, a substitución de carpinterías e acristalamentos dos ocos, ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombreamento.

b) A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes, mediante actuacións como: a substitución de equipos de produción de calor ou frío, a instalación de sistemas de control, regulación e xestión enerxética; o illamento térmico das instalacións de distribución e transporte ou a substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de arrefriado gratuíto por aire exterior e de recuperación de calor do aire de renovación e a conexión de vivendas a redes de calor e frío existente, entre outros.

c) A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización



de enerxías renovables como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxía convencional térmica ou eléctrica da vivenda. Incluirá a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, a fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada pola vivenda, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.

d) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB- HR, protección contra o ruído.

e) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB- HS de salubridade ou, na súa falta, as que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radon a niveis inferiores a 300 Bq/ m³, ou nas que sen alcanzar o devandito nivel, se reduza a concentración inicial en polo menos un 50%.

2.As previstas no artigo 36.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva, incluídas as que se realicen no interior das súas vivendas, que se dirixan á mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade, nos termos establecidos no citado artigo, nomeadamente as seguintes:

a) A mellora da envolvente térmica do edificio para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración mediante actuacións en fachada, cuberta, plantas baixas non protexidas ou calquera paramento de @dicha envolvente, de mellora do seu illamento térmico, a substitución de carpinterías e acristalamentos dos ocos, o cerramento ou acristalamento das terrazas xa teitadas, ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombreamento.

b) A instalación de novos sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes, mediante actuacións como: a substitución de equipos de produción de calor ou frío, a instalación de sistemas de control, regulación e xestión enerxética, contadores e repartidores de custos enerxéticos para instalacións centralizadas de calefacción; o illamento térmico das redes de distribución e transporte ou a substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de arrefriado gratuíto por aire exterior e de recuperación de calor do aire de renovación e a conexión de edificios a redes de calor e frío existente, entre outros.



c) A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxía convencional térmica ou eléctrica do edificio. Incluirá a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, a fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada polas vivendas, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.

d) A mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación, do edificio ou da parcela, mediante actuacións como a substitución de lámpadas e luminarias por outras de maior rendemento enerxético, xeneralizando por exemplo a iluminación LED, instalacións de sistemas de control de acceso e regulación do nivel de iluminación e aproveitamento da luz natural.

e) A mellora das instalacións de subministración e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga, así como a implantación de redes de saneamento separativas no edificio e doutros sistemas que favorezan a reutilización das augas grises e pluviais no propio edificio ou na parcela ou que reduzan o volume de vertedura ao sistema público de rede de sumidoiros.

f) A mellora ou acondicionamento de instalacións para a adecuada recollida e separación dos residuos domésticos no interior dos domicilios e nos espazos comúns das edificacións.

g) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HR, protección contra o ruído.

h) O acondicionamento dos espazos privativos da parcela para mellorar a permeabilidade do chan, adaptar a xardinería a especies de baixo consumo hídrico, optimizar os sistemas de rega e outras actuacións bioclimáticas.

i) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB- HS de salubridade ou, na súa falta, as que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radon a niveis inferiores a 300 Bq/m³, ou nas que sen alcanzar o devandito nivel, redúzase a concentración inicial en polo menos un 50%.

j) As que fomenten a mobilidade sostible nos servizos e instalacións comúns dos edificios ou urbanizacións tales como a instalación de



puntos de recarga de vehículos eléctricos nos aparcamentos ou adecuación de zonas e instalacións de aparcamentos de bicicletas.

k) As instalacións de fachadas ou cubertas vexetais.

l) A instalación de sistemas de domótica e/ou sensórica.

3.As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nomeadamente as seguintes de conservación ou de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade:

a) As relativas ao estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións.

b) As relativas ao estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, incluíndo procesos de desamiantado.

c) As relativas á adecuación interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente esixidas.

d) A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluíndo os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como a súa adaptación, unha vez instalados, á normativa sectorial correspondente.

e) A instalación ou dotación de produtos de apoio tales como guindastres ou artefactos análogos que permitan o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio no seu caso, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros similares.

f) A instalación de elementos de información ou de aviso tales como sinais luminosos ou sonoros que permitan a orientación no uso de escaleiras, ascensores e do interior das vivendas.

g) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, tales como videoporteiros e análogos.

h) A instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade.

i) Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas unifamiliares, agrupadas en fila ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva obxecto deste programa, así como nas vías de evacuación dos mesmos. Inclúense obras dirixidas á ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda que cumpran

coas condicións do Código Técnico da Edificación no referido a vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas.

j) Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-SUA, Seguridade de utilización e accesibilidade.

4. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

5. As previstas no artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nomeadamente as seguintes:

A execución de obras de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano: urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinería, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministro enerxético, alumado, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e uso do subsolo. Tamén obras de mellora da accesibilidade dos espazos públicos e mellora da eficiencia ambiental en materia de auga, enerxía, uso de materiais, xestión de residuos e protección da biodiversidade.

É requisito para que as actuacións sexan subvencionables que se realicen en vivendas unifamiliares, en edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva ou nas vivendas situadas nestes edificios.

Todas as actuacións deberán contar co correspondente título habilitante urbanístico municipal, licenza ou comunicación previa, segundo proceda, nos termos establecidos pola lexislación urbanística vixente, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución.

As actuacións que poidan acollerse ás axudas en ningún caso poderán estar finalizadas na data da presentación das solicitudes formuladas segundo a presente convocatoria. Ademais, estas actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2018-2021 (é dicir, con anterioridade ao 11.03.2018). O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá, aos efectos de determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar,



derivado da actuación, sempre que estea debidamente xustificado. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo subvencionable das obras, incluídos os gastos sinalados no punto anterior, non poderán superar o custo medio do mercado que corresponda a tales actuacións, o cal se determinará de conformidade coa última edición publicada da Base de Prezos da Construción de Galicia, documento que a substitúa, ou no seu defecto, prezos establecidos en bases de datos acreditadas.

ARTIGO 5: CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS AXUDAS

O Concello de Guitiriz, entre tódalas solicitudes presentadas no prazo definido que se sitúen no ámbito delimitado polo ARI e reúnan os requisitos para poder acceder a este tipo de axudas, dentro dos límites orzamentarios e do número máximo de actuacións subvencionables previstos nos Convenios asinados cos órganos competentes en materia de vivenda da Xunta de Galicia e do Estado, realizará unha proposta motivada de selección en función dos seguintes criterios

1. Estar empadroado na vivenda obxecto das actuacións ou acreditar que sexa residencia habitual dos solicitantes.
2. Orde de prioridade establecido nos apartados 5 e 12 da memoria da declaración da Área de Rehabilitación integral das parroquias do Buriz e Os Vilares aprobada por Resolución do Instituto de Galego de Vivenda e Solo do 13 de novembro de 2020.
3. Orde de presentación das solicitudes e de toda a documentación completa a que se refire no artigo 10 desta convocatoria mediante os impresos normalizados anexos a ela.

Para a efectividade da preferencia por data e hora de presentación da solicitude só se computarán as solicitudes que acompañen toda a documentación completa prevista no artigo 10 desta convocatoria de xeito que a preferencia virá establecida polo día e a hora de presentación do último documento previsto no dito apartado.

No caso de que a expedición de algún dos documentos previstos no artigo 10 desta convocatoria tivese que ser expedido por outro organismo público, notaría ou rexistro da propiedade, bastará achegar a solicitude de expedición do documento ante os ditos organismos para conservar a preferencia que lle correspondese por orde de entrada.

Excepcionalmente e con independencia da orde de presentación das solicitudes, consideraranse prioritarias aquelas actuacións sobre vivendas nas que algún dos seus moradores teñan algún tipo de discapacidade ou mobilidade reducida ou que, por circunstancias de tipo social, sexan urxentes as actuacións encamiñadas á mellora das condicións de accesibilidade da vivenda ou á consecución dunhas condicións mínimas de habitabilidade, salubridade e protección do medio ambiente, e quede

convenientemente xustificada e acreditada a súa urxencia.

Admitiranse solicitudes ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria pública ou o número máximo de intervencións permitidas, dentro dos límites temporais previstos nesta convocatoria relativos ao remate da data de admisión de solicitudes.

ARTIGO 6: ORZAMENTO PROTEXIDO

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o exposto no artigo 4 destas bases, e no previsto no artigo Décimo oitavo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS, que non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan (determinados de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia ou normativa que a substitúa).

ARTIGO 7: CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

As actuacións que se acollan ao acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, poderán obter unha subvención estatal e outra autonómica, de conformidade co definido no artigo 15 das presentes Bases e convocatoria.

Subvención estatal:

A contía máxima destas axudas non poderá exceder, de forma individualizada, o 40% do custo subvencionable da actuación (sen IVE). Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75%, cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe do 75% aplicárase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A determinación dos ingresos da unidade de convivencia calcularase de conformidade co definido no Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo.

A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas que contén coa súa correspondente referencia catastral polas axudas unitarias establecidas a seguir:

- Actuacións de rehabilitación de vivendas:

- Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética do 35% (zona climática de Guitiriz: D1).

- Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do R.D. 106/2018, do 9

de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito R.D. e no ordinal décimo sétimo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS.

No caso de edificios de tipoloxía residencia colectiva, as contías sinaladas nas viñetas anteriores incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas incluídos no Catálogo do PXOM e contén cun nivel de protección integral. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas viñetas anteriores.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, de ser o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional, e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

Subvención autonómica:

O IGVS, con cargo aos seus orzamentos, subvencionará as actuacións nesta ARI coa contía máxima seguinte:

- Actuacións de rehabilitación de vivendas:
 - Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.

ARTIGO 8: COMPATIBILIDADE

Conforme ao definido no artigo Vixésimo oitavo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS:

1. Sen prexuízo do establecido no punto seguinte, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra subvención ou axuda concedida para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou privado, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

2. De conformidade co artigo 52 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real

decreto 106/2018, do 9 de marzo.

ARTIGO 9: SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA

Deberá solicitarse, mediante impreso oficial normalizado, unha visita de inspección técnica previa ou xunto coa solicitude oficial das axudas.

O técnico da Oficina de Rehabilitación realizará a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmovible.

Para os edificios ou vivendas que xa a teñan feita con anterioridade non é necesario repetila, salvo que a Oficina o considere oportuno.

ARTIGO 10: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas e entidades interesadas, dentro do prazo establecido en cada convocatoria, deberán presentar a solicitude por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, as administracións públicas actuantes poderán requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo.

A documentación a aportar será a seguinte:

1. Impreso de solicitude en modelo normalizado debidamente cuberto e asinado, no que se indiquen as obras que se ten pensado realizar.

2.1-En caso de persoas físicas:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) da persoa solicitante, e, no seu caso, do DNI da persoa que actúe no nome da persoa ou entidade solicitante, de ser o caso.
- No seu caso, acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.
- Xustificación da titularidade do edificio ou vivenda.

2.2.- En caso de persoas xurídicas:

- Copia do CIF da persoa xurídica, orixinal ou copia da escritura de constitución da entidade e da súa inscrición no Rexistro Mercantil no seu caso; documento válido acreditativo da representación que o solicitante ostenta da entidade así como o DNI do representante.
- Xustificación da titularidade do edificio ou vivenda.
- Acreditación ou declaración responsable de que se atopa debidamente constituída, segundo a normativa que lle resulte aplicable.

2.3.- En caso de comunidades de propietarios:

- Documento acreditativo da constitución da comunidade e do seu respectivo CIF.
- Documento acreditativo da representación coa que se actúa.

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) do representante que realiza a solicitude.
- Copia do acordo da comunidade de propietarios no que se autorice a execución das obras e a solicitude da subvención, ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
- Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, con indicación do DNI, ou, de ser o caso, do NIE de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local, e xustificación da titularidade do edificio ou vivenda.

2.4.- No caso de que os solicitantes sexan entidades ou comunidades que carezan de personalidade xurídica propia (comunidades de veciños, agrupación desas comunidades, etc...) deberá achegarse declaración responsable na que conste expresamente o compromiso de execución da actuación subvencionable asumido por cada membro da entidade así como o importe da subvención a aplicar a cada un deles.

* Cando o solicitante da actuación sexa unha comunidade de propietarios, tan só se tramitará un expediente con ela.

Ao efecto do número de actuacións, computaranse tantas actuacións como o seu número de vivendas.

Outro caso son as axudas que se tramiten para o interior da súa vivenda por calquera propietario. Neste caso computarase como unha actuación por solicitante.

3.- Solicitude de visita de inspección técnica, a excepción de que a teñan feita con anterioridade.

4.- Declaración responsable de cada persoa propietaria, onde conste:

Estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local; e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria definidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta documentación terá que ser achegada de novo para solicitar o pagamento da axuda de xeito que estea actualizada para ese momento.

Autorización do solicitante para que o IGVS poida reclamar toda a información necesaria, en particular a de carácter tributario ou económico que fose legalmente pertinente para acreditar o cumprimento dos requisitos.

As axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación, o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

Que a vivenda se vai a usar como residencia habitual ou permanente da persoa solicitante ou dun determinado inquilino; que se vai a destinar ao



Cod. Validación: 7ZHNXFM3P3YKFMRF3Q8Y4CD | Corrección: <https://guitriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 26

aluguer, durante un prazo mínimo de 5 anos dende o remate das obras; ou que se trata dunha segunda residencia.

5.- Cando os ingresos da unidade de convivencia sexan inferiores a tres(3) veces o IPREM, copia da declaración conxunta ou das declaracións individuais de tódolos membros da unidade familiar do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) correspondente ó exercicio inmediatamente anterior ó momento no que se solicita a axuda, sempre que o prazo estea vencido, ou autorización ao Concello para a súa consulta.

Para o cálculo partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro.

Si o, ou a solicitante non ten obriga de realizar declaración do IRPF, certificación orixinal do Ministerio de Economía e Facenda na que se faga constar o seu carácter de non declarante e unha fotocopia do Libro de Familia. Para xustificar os ingresos acompañará ademais copia do certificado de retencións practicadas pola empresa ou unha certificación da cantidade da pensión emitida polo organismo correspondente, cando se trate de xubilados ou pensionistas.

6.- No caso de obras de mellora de accesibilidade, poderán acollerse ao incremento da porcentaxe até o 75% (do Ministerio de Fomento) sempre que se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, a convivencia de persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Achegaranse para acreditar cada unha destas dúas circunstancias, segundo corresponda en cada caso:

Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia dependentes ou con discapacidade recoñecida.

Documento acreditativo da idade do membro da unidade de convivencia maior de 65 anos (DNI, Certificado de nacemento...).

7.- Volante de empadramento e convivencia do número de membros que integran a unidade familiar.

Unha vez realizada a proposta de selección das axudas por parte da Oficina de Rehabilitación, e con carácter previo á proposta de cualificación provisional, xuntarase nova documentación:

8.- Documentación relativa ás obras a realizar:

8.1.- OBRAS MENORES

• Memoria descritiva das obras que se van a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. Esta memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica

das obras que se van realizar (esta documentación será realizada pola Oficina de Rehabilitación).

- Orzamento das obras segundo a última edición da Base de Datos da Construción de Galicia.
- No caso de que o edificio ou vivenda presente dúbidas de carácter estrutural, deberá achegarse Certificado orixinal de Solidez e Seguridade do edificio ou vivenda firmado por técnico competente.

8.2.- OBRAS MAIORES

• Proxecto técnico redactado por técnico competente, no que se expresen as obras que se van a executar, a súa valoración, coas desagregación das partidas segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. O proxecto deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

- No caso de que as obras afecten a mais dunha vivenda establecerase a porcentaxe de participación de cada unha das vivendas no conxunto das obras.

9.- No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario achegar o certificado calculado mediante programas informáticos recoñecidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica (que se atopan no rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios) do estado previo e xustificar a mellora obtida que deberá ser polo menos unha redución da demanda enerxética anual global do 35%.

10.- Conforme ao indicado no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (40.000 euros para obras ou 15.000 euros no suposto de servizos ou subministros (-IVE excluído-), o beneficiario deberán solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

11.- Copia da licenza municipal / comunicación previa / orde de execución das obras; e/ou autorizacións necesarias para a execución das obras.

12.- Aqueles outros que estime a Oficina de Rehabilitación e que sexan necesarios para a determinación da concesión das axudas.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente norma, así como a autorización

para obter os datos en poder da administración pública municipal que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se atopan ó día nas súas obrigas fiscais co Concello).

ARTIGO 11: PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

Poderán presentarse solicitudes no prazo de 2 meses desde o día seguinte á publicación destas bases e convocatoria no BOP.

No suposto de que non se cubra a oferta de axudas correspondentes ás obras de renovación de edificación e/ou de rehabilitación, o órgano competente municipal poderá habilitar un novo prazo para a presentación de solicitudes.

ARTIGO 12: PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS

a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional

O Concello, no marco do procedemento da presente convocatoria de axudas, logo de presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida dentro dos prazos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procederá a ditar resolución por órgano competente en relación ás solicitudes admitidas e ás solicitudes denegadas por non cumprir os requisitos, e a elaborar unha proposta de cualificación provisional que lle remitirá a Área Provincial do IGVS de Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións, e irá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos esixidos polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

A persoa titular da xefatura territorial do IGVS, logo das comprobacións que consideren oportunas, ditará unha resolución sobre a cualificación provisional das actuacións, que conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, e describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido, o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico. A obtención da cualificación provisional non xera para a súa persoa ou entidade titular o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración de persoa ou entidade beneficiaria da axuda.

Serán causas de denegación da cualificación provisional as seguintes:

- a) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación recollidas neste programa.
- b) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, ou ao acordo específico asinado co Ministerio



de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

- c) A falta de cobertura orzamentaria no momento da resolución de cualificación provisional.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada da proposta municipal de cualificación provisional na correspondente área provincial do IGVS. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

b) Execución das obras

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas e comprobadas con toda a súa documentación antes do 30 de novembro de 2.023.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total das axudas solicitadas.

c) Remate das obras e Cualificación Definitiva

As persoas e entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, comunicarán o seu remate ao Concello de Guitiriz, e aportarán orixinal ou copia compulsada das facturas e xustificantes de pago das mesmas. O Concello deberá realizar as seguintes comprobacións:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.

3. Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das ditas actuacións foron realizados polas persoas ou entidades beneficiarias que figuraban na resolución da cualificación provisional.

Ademais as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas: Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica de dita entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o recibín do proveedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

En obras que precisen licenza de primeira ocupación, a solicitude desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

Logo de realizar as comprobacións sinaladas con anterioridade, o Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará. A esta proposta de cualificación definitiva, que se remitirá á correspondente área provincial do IGVS, deberá xuntarse unha certificación do cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS, e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como á persoa ou entidade beneficiaria.

A xefatura territorial do IGVS, con base na documentación remitida polo Concello e logo das comprobacións, de ser o caso, que consideren oportunas, resolverá sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible. A obtención da cualificación definitiva non xera para a persoa ou entidade titular o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración como persoa ou entidade beneficiaria da axuda

Serán causas de denegación da cualificación definitiva as seguintes:

a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución da cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución da cualificación provisional.

b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, ou coa comunicación previa no caso de que a actuación non estivese sometida a licenza.

c) Incumprir o prazo de execución previsto na resolución de cualificación



provisional.

d) Incumprir calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS, e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

e) A falta de cobertura orzamentaria no momento da resolución de cualificación definitiva.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada da proposta municipal de cualificación definitiva na delegación provincial do IGVS de Lugo. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución da cualificación definitiva que dite a xefatura territorial do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

ARTIGO 13: PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas. Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

a) Certificado da titularidade, sempre a nome do beneficiario, da conta bancaria que designe para o pagamento.

b) Nova declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións, onde conste:

- Estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello.

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria definidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- As axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación, o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

c) Para o caso de que a vivenda se destine ao alugamento, por un prazo non inferior a 5 anos, deberase achegar copia do contrato de alugueiro e certificado de empadramento do inquilino.

A certificación municipal que acompañe á proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade esixida no artigo 48.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Unha vez notificada ao concello a resolución de cualificación definitiva, o



concello deberá aboar as subvencións estatais e autonómicas ás persoas e ás entidades beneficiarias. Así mesmo, deberá xustificar estes pagamentos mediante unha certificación municipal onde conste o número de expediente, o nome da persoa promotora da actuación, o seu NIF, o importe da subvención e a data de pagamento. Estas xustificacións deberán dirixirse á Dirección Xeral do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

O concello remitira á Dirección Xeral do IGVS as certificacións dos gastos de mantemento de equipamentos técnicos e das oficinas de información e de xestión, conforme o anexo III da Resolución do 3 de xuño de 2.021. Estas certificacións deberán facer referencia aos gastos contabilizados, ás obrigas recoñecidas e aos pagamentos realizados no período correspondente, á finalidade para a cal foron aplicados e ás outras axudas que, de ser o caso, percíbise o concello para este mesmo fin.

O Concello procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

ARTIGO 14: PERDA E REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

1. Serán causas de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) O incumprimento das obrigas recollidas no artigo 3 das presentes Bases, e no ordinal Vixésimo sexto da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS.

b) A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.

c) O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

ARTIGO 15: CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

As subvencións outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias, ata esgotar o financiamento comprometido no Acordo da Comisión Bilateral do 1 de decembro de 2021, subscrito entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Guitiriz.

As contías máximas das citadas achegas segundo figura no Convenio asinado son as seguintes:



Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 01.12.2021	
Obras de Reurbanización (1 actuación)	Achega Concello 27.000,00 €
	Achega Ministerio 18.000,00 €
	Achega Comunidade Autónoma 0,00 €
Obras de Rehabilitación (15 actuacións)	Achega Concello 0,00 €
	Achega Ministerio 90.000,00 €
	Achega Comunidade Autónoma 26.008,00 €

ARTIGO 16: TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia- IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

De conformidade co disposto polo artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.



ARTIGO 17: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E VIXENCIA

As Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de O Buriz e Os Vilaros en Guitiriz (Lugo) referidas ao acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2.021, con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021; publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello.

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Oficina de Rehabilitación do Concello de Guitiriz, os martes en horario de 9 a 14:30 horas, ou solicitándoas no enderezo electrónico ari.guitiriz@gmail.com.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e terán vixencia ata o 31 de decembro de 2023, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan Estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes bases.

ARTIGO 18: NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación:

- a) Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- b) Resolución do 193 de xuño de 2.021 do IGVS pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das súas axudas e se abre o prazo de participación para a anualidade 2.021 (publicada no DOG nº 113, do mércores 16 de xuño de 2021).
- c) O acordo vixente da Comisión Bilateral, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana das parroquias de O Buriz e Os Vilaros en Guitiriz (Lugo). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de vivenda 2018-2021.
- d) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- e) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- f) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.



Cod. Validación: 7ZHNXFM3PS3YKFMRF3Q8Y4CD | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 26



CONCELLO DE GUITIRIZ
R/Concello nº4
27300 Guitiriz (Lugo)
TEL. 982.370.109
OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

**SOLICITUDE DE INFORMACIÓN E VISITA TÉCNICA DE INSPECCIÓN PARA ACTUACIÓNS
NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE BURIZ E VILARES**

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos / razón social:		NIF/CIF:	
Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:		

2. DATOS DO REPRESENTANTE (no seu caso, e debe achegarse documentación acreditativa)

Nome e apelidos / razón social:		NIF/CIF:	
Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:		

3. NOTIFICACIÓNS

Notifíquese a: ☐ Persoa ou entidade solicitante ☐ Persoa ou entidade representante

Enviaránse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL:

CORREO ELECTRÓNICO:

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
-----------	------------	-----------	------------

EXPÓN:

Desexa acollerse aos beneficios para as actuacións que se indican a continuación, segundo se establece nas **Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na Área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de Buriz e Vilares en Guitiriz** referidas ao acordo da comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2.021, con base no plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021.

Por todo isto, SOLICITA:

Que por parte da Oficina Técnica de Rehabilitación da ARI dos Vilares e o Buriz se realice a visita de inspección previa á solicitude oficial de axudas económicas, co fin de comprobar o estado do inmovible e asesorar sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do mesmo.

DATOS DO INMOBIL ONDE SE VAI ACTUAR

Enderezo:	
Referencia catastral nº:	Tipo de inmovible:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

☐ Copia do NIF/NIE do solicitante ou representante

Outros documentos: _____

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

_____, a _____ de _____ de _____

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, con dirección en Rúa do Concello, 4. 27300 Guitiriz (Lugo); correo delegado protección de datos: info@concellodeguitiriz.com. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada, baseándonos no interese público. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal ou para a correcta prestación do servizo. Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.



CONCELLO DE GUITIRIZ
R/Concello nº4
27300 Guitiriz (Lugo)
TEL. 982.370.109
OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

SOLICITUDE DE AXUDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE BURIZ E VILARES

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos / razón social:		NIF/CIF:	
Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:		

2. DATOS DO REPRESENTANTE (no seu caso, e debe achegarse documentación acreditativa)

Nome e apelidos / razón social:		NIF/CIF:	
Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:		

3. NOTIFICACIÓNS

Notifíquese a: ☐ Persoa ou entidade solicitante ☐ Persoa ou entidade representante

Enviaránse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL: CORREO ELECTRÓNICO:

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
-----------	------------	-----------	------------

EXPÓN:

Desexa acollerse aos beneficios para as actuacións que se indican a continuación, segundo se establece nas **Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na Área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de Buriz e Vilares en Guitiriz referidas ao acordo da comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2.021, con base no plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021.**

Por todo isto, SOLICITA:

Que lle sexa expedida a correspondente calificación provisional.

DATOS DO INMOBLE ONDE SE VAI ACTUAR

Enderezo:		
Tipo de Inmable:	Nº de Plantas:	Nº de vivendas:
Referencia catastral nº:		

ACTUACIÓN OBXECTO DA SOLICITUDE	USO DO INMOBLE
☐ CONSERVACIÓN DA ESTRUCTURA DA EDIFICACIÓN	☐ DESTÍNASE AO USO DE VIVENDA HABITUAL
☐ CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO EDIFICIO	☐ CRÉANSE USOS COMPATIBLES NA PLANTA BAIXA
☐ CONSERVACIÓN E MELLORA DOS CERRAMENTOS	☐ A OBRA TEN COMO RESULTADO UNHA VIVENDA HABITABLE
☐ SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍAS EXTERIORES	
☐ ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO INMOBLE	TIPOLOXÍA DA ACTUACIÓN
☐ MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA	☐ EN VIVENDA UNIFAMILIAR
☐ MELLORA DA ACCESIBILIDADE	☐ EN EDIFICIO DE TIPOLOXÍA RESIDENCIAL COLECTIVA



CONCELLO DE GUITIRIZ
R/Concello nº4
27300 Guitiriz (Lugo)
TEL. 982.370.109
OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

**DECLARACIÓN RESPONSABLE
PARA SOLICITUD DE AXUDAS NA ARI DE BURIZ E VILARES**

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos / razón social:		NIF/CIF:	
Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:		

2. DATOS DO REPRESENTANTE (no seu caso, e debe achegarse documentación acreditativa)

Nome e apelidos / razón social:		NIF/CIF:	
Enderezo:	C. Postal:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:		

EXPÓN:

Desexa acollerse aos beneficios para as actuacións que se indican a continuación, segundo se establece nas **Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na Área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de Buriz e Vilares en Guitiriz referidas ao acordo da comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2.021, con base no plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021.**

DATOS DO INMOBLE ONDE SE VAI ACTUAR

Enderezo:	
Referencia catastral nº:	Tipo de inmueble:

Por todo isto,

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que a documentación presentada no expediente en copia simple constitúe unha reprodución exacta dos seus orixinais.
4. Non estar incurso/a en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.
5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estou ao corrente das miñas obrigas tributarias, incluídas as municipais, e fronte á Seguridade Social.
7. Que non se lle revogou ningunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables a esta persoa solicitante.
8. Que o destino da vivenda para a que se solicitan as axudas de rehabilitación será:
- ☐ Domicilio habitual e permanente, durante o prazo mínimo de 5 anos dende a finalización das obras.
- ☐ Alugamento, durante un prazo mínimo de 5 anos, dende a finalización das obras.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

_____, a _____ de _____ de _____

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, con dirección en Rúa do Concello, 4. 27300 Guitiriz (Lugo); correo delegado protección de datos: info@concellodeguitiriz.com. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada, baseándose no interese público. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal ou para a correcta prestación do servizo. Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Documento asinado electronicamente

A alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira



